



## Concello de Ribeira de Piquín

### BANDO

#### **AXUDAS PARA PREVENCIÓN DOS DANOS DO LOBO E XABARIL**

O martes día 8 de xaneiro de 2019 saíu publicada no DOG a orde sobre as axudas para a prevención dos danos causados pola fauna silvestre (lobo e xabaril).

#### **BENEFICIARIOS**

- **Para a prevención dos danos ocasionados polo lobo:** persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras que figuren no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia, das especies de gando bovino, ovino, cabrún, porcino de raza celta e equino.
- **Para a prevención de danos ocasionados sobre producións agrícolas polo xabaril:** persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade agraria e estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e explotacións agrarias destinadas ao autoconsumo.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

- **Para a prevención dos danos ocasionados polo lobo:** a adquisición de cans das razas mastín español, mastín do Pirineo e can de palleiro para a protección e defensa do gando, pastores eléctricos, cerrumes de malla electrificada e adquisición e instalación de valados fixos.
- **Para a prevención dos danos ocasionados polo xabaril:** a adquisición de pastores eléctricos.

Non se subvencionará o IVE, o transporte dos materiais nin a man de obra.

#### **CONTÍA**

- **500 euros como máximo para a adquisición dun can.**
- **600 euros como máximo por explotación para a compra de pastores eléctricos.**
- **100 euros por malla de 50 m, ata un máximo de 8 mallas por explotación.**
- **3 euros por metro lineal ata un máximo de 1.500 euros por valado fixo electrificado e 3,70 euros por metro lineal ata un máximo de 3.700 euros por valado con malla gandeira ou cinexética metálica.**

#### **PRAZO:**

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 MES** contado a partir do día seguinte á data de publicación da orde.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 11 de xaneiro de 2019.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE